

A AUGA E A PAISAXE

A auga é **incolora, inodora e insípida**.

1º Completa coas seguintes palabras.

insípida - incolora - inodora

A auga non ten cor, é

A auga non ten olor, é

A auga non ten sabor, é

A auga pode cambiar de estado:



Sólido



Líquido



Gasoso

A auga pode estar en estado **sólido**, como o xeo; en estado **líquido**, como nos ríos, ou en estado **gasoso**, como o vapor de auga.

2º Escribe en que estado se encontra a auga.



3º

Escrebe **V** se é verdadeiro ou **F** se é falso.

A neve é auga en estado sólido. ☐

Se quentamos a auga convértese en vapor. ☐

A auga sólida convértese en líquida se a arrefriamos. ☐

O vapor cando se arrefría convértese en auga sólida. ☐

PAISAXE DE COSTA:

A costa é o terreo que está xunto ao mar.

As paisaxes de costa teñen estes elementos:

- A **praia** é o terreo baixo e areento.
 - O **acantilado** é a zona alta e rochosa.
 - O **golfo** é unha entrada do mar na costa. Cando é pequeno, chámase **baía**.
 - O **cabo** é unha entrada da terra no mar.
 - A **illa** é un anaco de terra rodeada de auga por todas as partes.
- Un conxunto de illas é un **arquipélago**.



As paisaxes que están xunto ao mar son **paisaxes de costa**.

4º Completa.

Un conxunto de illas é un

Un é unha entrada de terra no mar.

A entrada do mar na costa é un e cando é pequeno é unha

5º Clasifica a que paisaxe pertence cada un dos seguintes elementos.

val - cabo - illa - cordilleira - serra - baía

Paisaxe de montaña	Paisaxe de costa

6º Une segundo corresponda.

illa



acantilado



cabo



praia

península


baía

PAISAXE DE MONTAÑA:

Hai moitas paisaxes diferentes.

As paisaxes de montaña teñen os seguintes elementos:

- A **montaña** é unha grande elevación do terreo. Ten tres partes: **cume**, **aba** e **pé**.
- A **serra** é un conxunto de montañas.
- A **cordilleira** é un conxunto de serras.
- O **val** é un terreo máis chairro entre montañas por onde adoita pasar un río.
- Os **ríos** teñen tres tramos: **curso alto**, no seu nacemento; **curso medio**, e **curso baixo**.



Nunha paisaxe de montaña hai montañas, vales e ríos.

7º Completa.

O cume é a zona máis elevada
dunha

As poboacións encóntranse nos , que
son as zonas máis chairras entre as montañas.

Un conxunto de montañas chámase

8º Escribe **V** se é verdadeiro ou **F** se é falso.

Na paisaxe de costa hai cordilleiras. ☐

Na paisaxe de costa vemos acantilados. ☐

Na paisaxe de montaña hai vales. ☐

Un faro é un elemento natural. ☐